

11 Comunicación, cultura, deporte e compromiso

Comunicación

A comunicación, como adoita repetirse sen demasiados efectos prácticos posteriores, é hoxe en día elemento esencial para calquera entidade, pública ou privada. Afecta á eficacia da información, ben sexa interna ou externa, e no caso concreto dun servizo público como o noso, garante a necesaria transparencia na xestión. Para alén, a comunicación é determinante tamén para a imaxe que transmitimos, para asentarmos na sociedade os valores e os símbolos que nos representan. Mesmo no caso concreto dunha universidade, a comunicación é determinante para competirmos con eficacia na captación de estudantes e de recursos externos.

A Universidade da Coruña, como escoitamos día a día desde diferentes ámbitos, ten un alto grao de eficacia nestes aspectos da comunicación, se atendemos á relación entre resultados e á escaseza de recursos con que se conta. A imaxe que transmitimos incorpora valores de innovación e de modernidade, propios dunha institución nova e na avanzada dos saberes tecnolóxicos. Ao mesmo tempo, felicitámonos de que a incorporación do novo modelo de imaxe corporativa, ao que se van engadindo novos módulos, veña sendo incorporado na Administración con responsabilidade e homoxeneidade.

Esta imaxe sostén e fai cribles os novos retos que asumimos durante o ano 2009, como a revista *Avanzada*, que se encartou nos principais xornais galegos e foi a feiras educativas, ou o lanzamento da revista *U + S*, ligada tamén ao Consello Social e á nosa proxección sobre o tecido social e empresarial. A visibilidade da UDC é así maior e, sobre todo, de maior impacto. Xunto a isto, existe un labor diario e continuo de elaboración de notas de prensa que transmiten aos medios e á propia comunidade universitaria canto se está a desenvolver entre nós. Estamos empeñados na mellora do fluxo de información entre os equipos de investigación e o Gabinete de Comunicación para facilitar a chegada á opinión pública de todos os traballos susceptibles de se converter en noticia.

Comunicación interna

- O Gabinete de Comunicación integrouse na Unidade de Difusión da Cultura Científica (UDCC), de nova creación.
- Elaboración e distribución da revista *Avanzada*, de información da Universidade da Coruña, entre as facultades, escolas e Reitoría para usos protocolarios.
- Organización da segunda edición do *Curso de verán de divulgación científica na sociedade*, que tivo lugar na sala de Consello de Goberno da Reitoría e que foi

seguida por 32 alumnos, entre os días 30 de xuño e 1 e 2 de xullo.

- Elaboración do resumo de prensa diario, tanto en dixital como en papel, que inclúe os impactos da UDC nos medios de comunicación, así como novas relacionadas coa Universidade e I+D aparecidas en 204 edicións de diarios de toda España e 246 revistas. O resumo de prensa dixital está incluído na páxina web da UDC.
- Elaboración da axenda semanal de actos institucionais e das principais actividades dos centros.

Comunicación externa

- Redacción de 359 notas de prensa que se enviaron a medios xeneralistas de Galicia, ademais de poñelas a disposición libre a través da páxina web da UDC. Así mesmo, atendéronse un total de 1.884 chamadas en demanda de información e comezouse unha campaña de difusión de notas de prensa relacionadas coa investigación da UDC.
- A Universidade da Coruña tivo un número de impactos que se elevou a 4.055 nos medios de prensa que se editan na comunidade galega e de 22 na prensa que se edita no resto do Estado.
- Producción de programas de radio en directo e de informativos especializados a través de Radio Voz e de Radio Coruña.
- Edición e distribución da nova revista de difusión do coñecemento da UDC, *U + S, Universidade & Socie-*

dade Blogpaper, cunha tiraxe de 2.300 exemplares distribuídos entre institucións, empresas e institutos de ensinanza secundaria de Galicia. É unha nova revista con que se pretende achegar a investigación e dar a coñecer a Universidade da Coruña no seu contorno máis próximo. No ano 2009 editáronse tres números.

- Insercións de publicidade, notas informativas e esquelas en La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, La Opinión e Diario de Ferrol.
- Asistencia técnica a cargos da Universidade para as súas relacións cos medios de comunicación.

Captación de alumnado

Igual que vén facendo desde hai uns anos, o Gabinete de Comunicación centralizou os seus esforzos publicitarios e promocionais nunha campaña de captación de estudantes que deu comezo en febreiro.

- Organización e deseño do *stand* da UDC na feira Fórum Orienta, xunto a actividades paralelas.
- Edición en galego, español e inglés da revista de información xeral da UDC, *Avanzada*, que se distribuíu na feira antedita, en feiras internacionais, nos institutos de ensino secundario e na prensa escrita da Coruña e de Ferrol.
- Púxose en marcha unha campaña de márketing telefónico cun número gratuíto de información sobre titulacións da UDC. Este teléfono estivo en funcionamento do 15 de maio ao 15 de setembro. Tivo un

resultado de 1.533 chamadas, das que o 90% procedían de Galicia e o 10% do resto do Estado, centradas sobre todo nas novas titulacións adaptadas ao EEES e en trámites de xestión ordinaria. O 55% das chamadas procederon de novos estudantes e o 45% de estudantes xa matriculados na UDC.

- Dentro da campaña de captación de alumnado, elaborouse un vídeo de promoción, fixéronse insercións publicitarias en prensa e confeccionáronse cuñas radiofónicas. Un total de 262 institutos de bacharelato de Galicia recibiron carteis promocionais.
- Editáronse e distribuíronse en man 5.000 folletos de

publicidade entre o alumnado que facía as probas de acceso á universidade nos distintos centros da UDC, na Coruña e en Ferrol.

Recursos audiovisuais

Elaborouse un vídeo institucional da UDC, outro de actividades deportivas, *spots* de actividades culturais e *spots* de avaliación docente. Procedeuse á gravación e edición de cinco vídeos de actos institucionais, outros cinco de actividades culturais (teatro, Campus-Rock) e catorce máis de conferencias e actividades académicas diversas.

Cultura, divulgación e deportes

Cultura

A Área de Cultura continuou na liña de ofrecer actividades dirixidas tanto á comunidade universitaria como ao conxunto da cidadanía. Non só iso, pois baixo o enunciado de *Cultura* caben perfectamente as actividades tradicionalmente consideradas cultas, como a progresión exitosa da nosa Orquestra Universitaria, e outras que no mundo actual non adoitan ter cabida aquí, mais que sen dúbida forman parte obrigada dos saberes *cultos*, como é o caso das ciencias. Habería que salientar, neste ámbito, a creación da Unidade de Divulgación Científica, coordinada polo profesor Moisés Canle, que incorpora a divulgación científica a esta área.

A incorporación de Rubén Ruibal, premio nacional de Literatura Dramática en 2007, na función de coordinador da Aula de Teatro e Danza, merece tamén mención. No caso da danza contemporánea, a coordinación da prestixiosa coreógrafa Rut Balbís deu lugar en 2009 á presentación da nosa primeira produción neste campo.

Para alén do teatro e da danza, continúan a ser puntos fortes da nosa programación o cinema e a música, tanto a culta como a que englobamos baixo a denominación de *Outras músicas*. Ofertáronse cursos

de cinema dirixidos por especialistas recoñecidos, como o dedicado a Godard, con Paulino Viota, e os habituais ciclos temáticos. Na Aula de Música chegamos á terceira edición do Ciclo de Novos Intérpretes e á segunda das Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego, que este ano homenaxeou ao músico coruñés Andrés Gaos Berea, coa asistencia do seu fillo. Non debe esquecerse tampouco a continuidade do labor formativo da nosa Escola de Música, onde acoden moitos fillos da comunidade universitaria. En Outras Músicas, o Campus Rock volveu ser cita obrigada nos medios informativos especializados e mereceu ser transmitido en directo pola Radio Galega.

Aula de Teatro e Danza

- Cursos de formación no campus da Coruña: Interpretación, Producción Teatral, Iniciación á Danza Contemporánea e Producción de Danza. Cursos de formación no campus de Ferrol: Iniciación Teatral.
- Producción: a Aula de Teatro da UDC estreou a súa produción teatral de 2009 o 2 de abril, no Fórum Metropolitano da Coruña. *Máquina Muller* é un espectáculo baseado na obra de Heiner Müller *Máquina Hamlet*.
- Danza. Presentación do espectáculo de danza contemporánea *Ver fondo do envase*. Por primeira vez a Aula de Teatro e Danza da UDC estreou unha produción de danza contemporánea, froito do traballo

de formación e creación realizado por Rut Balbís e o seu alumnado.

- FITEUC 2009: 16º Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña, no Fórum Metropolitano da Coruña. O programa foi: *Máquina Muller, Hide (Oculto), Xogos á hora da sesta* e *Ver fondo do envase*. Houbo tamén unha *Mostra das universidades convocadas*, unha *Performance* e sesións de *Danza no Campus*, con *Ven* e *Ver fondo do envase*. Completouse a programación co curso de Janet Novás.

Aula de Cinema e Imaxe

- Cursos de Cinema:
 - *As vangardas históricas dos anos 20 no cinema (Surrealismo, Expresionismo, Vangarda soviética)*
 - *Vídeo-creación. Práctica de curtametraxe en vídeo*
 - *Miradas radicais no cinema da modernidade*
 - *Os praceres da vista. De como analizar películas e disfrutar no intento. (Curso de teoría e análise do filme)*
 - *Como esquecermos de vez a historia (oficial) do cinema. Unha posible alternativa a través das súas crises (Clasicismo, manierismo, modernidade e posmodernidade no cinema)*
 - Colaboración co curso de verán “*Xénero, Constitución e Estatutos de Autonomía*”, organizado pola Área de Dereito Constitucional da Facultade de Dereito.

- Os anos 60: A modernidade no cinema español. O “Novo Cinema Español” e a “Escola de Barcelona”.

- *Sobre o cinema de Jean-Luc Godard.*

– Ciclos de Cinema:

- Ciclo de cinema sobre as migracións en colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe e o VI Congreso sobre as Migracións en España, realizado na Facultade de Socioloxía da UDC (do 17 ao 20 setembro).
- Proxección das prácticas dos estudantes no curso *Vídeo-creación. Outras formas narrativas*, organizado pola Aula de Cinema e Imaxe.
- Proxección de curtametraxes de directores noveis galegos no Paraninfo da Reitoría.
- Ciclos de cinema *Primavera de cinema* e *Inverno de cinema*, en colaboración co Concello de Ferrol.

Outras músicas

- Presentación do novo disco do cantautor madrileño Marwan, o 30 de abril, no Paraninfo da Universidade.
- Campus Rock 2009, o 24 de abril. Participaron cinco grupos: 6PM, Secret Society, Joe Crepúsculo, The Soulbraker Company e Wau y los Arrrgs!!!. O evento foi cuberto pola Radio Galega en directo. Inaugurouse páxina oficial do festival, www.campusrockcoruna.com, e lugar en Myspace.

Aula de Música

- *III Ciclo de novos intérpretes.* A Aula de Música organiza estes ciclos para promover as novas xeracións de músicos vinculados á UDC ou ao Conservatorio Superior de Música. Celebráronse catro concertos.
- *II Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego (En torno á obra e á figura de Andrés Gaos Berea).* Constou dunha mesa redonda, unha conferencia-concerto e catro concertos dun ciclo que se estendeu de outubro ata decembro, no Paraninfo e na igrexa da Orde Terceira.
- Programación musical para actos académicos e institucionais, baixo a dirección de Julián Pérez e coa colaboración da Orquestra de Cámara da UDC e, eventualmente, do Coro e da soprano Olga Raíces.
- Concertos do Coro e da Orquestra de Cámara da UDC. Ademais da súa participación habitual nos actos académicos e institucionais, o Coro Universitario e a Orquestra de Cámara da UDC protagonizaron seis concertos ao longo do ano 2009.
- Escola de Música da UDC. Ofertáronse as seguintes actividades no campus da Coruña: Iniciación á Linguaxe Musical para nenos e nenas, Seminario de Canto para o Coro Universitario, Curso de Linguaxe Musical para o Coro Universitario. No campus de Ferrol: Iniciación á Linguaxe Musical para nenos e nenas.

Aula de Letras

- Taller de Literatura. Luns alternos, cada 15 días, desde o 17 de novembro ata febreiro, no Centro Cultural de Riazor e moderado por Xoaquín Lameiro.

Cátedra Jorge Juan

A Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa asume a xestión da Cátedra Jorge Juan, organizada conxuntamente pola Armada e pola Universidade da Coruña.

A cátedra renova cada ano a súa dirección, que lle corresponde, de xeito alterno, a unha ou outra institución. En 2009, baixo a dirección do capitán de navío José M^a Cardona Comellas, desenvolveuse un ciclo de nove conferencias sobre cuestións de actualidade en materias como biotecnoloxía, ensino naval, cambio climático ou policía científica.

A profesora Carmen Pérez Pais, da Facultade de Humanidades, dirixe a Cátedra desde outubro. Organizáronse dúas conferencias sobre a relación mercado-Estado durante a crise económica e sobre fotografía publicitaria.

Obradoiros

- Campus de Ferrol: Iniciación á fotografía, Fotografía nivel avanzado, Saber ver a arte, Audicións comentadas de música rock e O coiro nas mans.

- Campus da Coruña: Bailes caribeños, Percusión, Malabares, loga-relaxación, Fotografía, Brigde, Cociña.

Actividades socio-culturais

As actividades socio-culturais, destinadas fundamentalmente ás familias da nosa comunidade universitaria, continuaron durante este ano con excelente aceptación. Nos campamentos de verán do campus da Coruña participaron, en distintas quendas, 86 rapaces, ben nos campamentos de inglés (4 a 12 anos), ben nos campamentos multideportivos (6 a 12 anos). En Ferrol organizouse un campamento de inglés, a que asistiron 59 nenos e nenas.

Festa de Nadal. Esta actividade, xa con carácter fixo, vai destinada aos máis cativos. A festa deste ano tivo lugar o 22 de decembro no Paraninfo da Universidade e contou coa asistencia de 98 nenos de entre 2 e 11 anos.

Unidade de Divulgación da Cultura Científica

A constitución da Unidade de Divulgación da Cultura Científica da UDC (UDCC-UDC) foi aprobada en Consello de Goberno o día 13 de febreiro. A cultura, hoxe en día, supera os límites convencionais da cultura humanística e da ciencia, no sentido máis amplo, forma ou debe formar parte dos saberes de calquera persoa realmente culta. Os obxectivos da Unidade son, en primeiro lugar, fomentar o interese do público

en xeral polos temas científicos e incrementar o nivel de alfabetización científica da sociedade. En segundo lugar, preténdese maximizar o retorno de información á cidadanía, en forma de coñecemento científico, da investigación realizada na UDC. As súas funcións van desde a promoción da ciencia no contorno da comunidade educativa, no ámbito empresarial e cara o público en xeral ata a elaboración dun banco de imaxes sobre ciencia, baseado na investigación propia da UDC.

A Unidade pretende achegarse a todo tipo de público: comunidade educativa, empresas, medios de comunicación e público en xeral, con especial atención aos niveis educativos de ensino primario e secundario obrigatorio.

A composición da Unidade, dependente da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, ten á fronte unha persoa responsable da súa coordinación, designada polo Reitor, coas funcións de dirección, programación e execución dos programas aprobados polo Consello asesor. Este está constituído polos vicerreitores ou vicerreitoras de Investigación e de Cultura, directores ou directoras de Publicacións, Comunicación e OTRI, ou ben persoas en que aquelas deleguen.

Pola súa finalidade, a Unidade fomenta o contacto, o intercambio e a colaboración con outros organismos

de investigación públicos ou privados, con especial énfase nos da área de influencia da UDC.

As principais actividades desenvolvidas durante 2009 foron:

- Acto conmemorativo do bicentenario do nacemento de Charles Darwin, o xoves 12 de febreiro na Domus da Coruña. Houbo unha breve interpretación teatral elaborada expresamente para o caso e un coloquio sobre a figura de Darwin, da súa Teoría da Evolución e da evolución da dita teoría.
- Participación na undécima edición do Programa de Promoción da Cultura Científica e Tecnolóxica, organizado pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales.
- Organización, en colaboración con IESGA, do obradoiro de investigación *“Como investigar sen morrer no intento”*, realizado en marzo. Participaron diversos investigadores universitarios e de empresas de relevo no ámbito estatal e internacional.
- Organización, en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses, dun Obradoiro de Creatividade e Ciencia. Participaron nomeados profesionais da ciencia para expore os compoñentes creativos da actividade científica desde a perspectiva da súa experiencia.
- Organización, en colaboración con FEUGA, do obradoiro *“DivulgAcción+: Divulgación en Acción”*, realizado en novembro e decembro. Incluíu catro

obradoiros sobre *"Os medios de comunicación como vehículos de proxección social da Ciencia"*, *"Como enfrontarse a unha presentación divulgativa"*, *"Revisión e posta en común dun informe de prensa e dun artigo divulgativo"* e *"Revisión e posta en común dunha presentación divulgativa"*.

- Posta en marcha, en colaboración coa Rede de Bibliotecas do Concello de Oleiros, dun ciclo de divulgación orientada ao terceiro ciclo de ensino primario (10-12 anos) baixo o título *"Ler para Saber: A Ciencia"*.
- Colaboración no II Curso de Verán de Divulgación Científica na Sociedade, que se levou a cabo no verán na Sala de Consellos de Goberno da Reitoría.
- Organización, en colaboración con Unicaja - ASEIC (Asociación Española de Cine e Imagen Científicos), un ciclo de Cinema Científico en que se proxectaron oito películas científicas de gran calidade.

Publicacións

En relación con exercicios pasados, no ano 2009 produciuse un pequeno decaemento no volume total de publicacións, proporcional ao menor número de proxectos editoriais que foron presentados á Comisión de Publicacións e encomendados ao Servizo. Esta redución non é homoxénea en todos os tipos de libros, senón que resulta máis acentuada nas monografías e nos manuais, mentres que a colección de Actas de congresos e reunións científicas e os traba-

llos de investigación ou de divulgación integrados en series específicas, como a Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, os Anexos de Revista de Lexicografía e a colección Nova Terra manteñen a media dos anos anteriores.

Existen factores concretos que explican esta situación. No eido da investigación, os baremos para a avaliación da produción científica en vigor nos últimos anos tenden a valorar en maior grado os traballos publicados en revistas de calidade contrastada que as monografías xestionadas pola editorial da universidade a que pertence o propio investigador. Por outra banda, cada vez resulta máis evidente para os usuarios que as tecnoloxías da información e da comunicación subministran ferramentas de difusión do labor investigador alternativas ao formato tradicional do libro, en moitos aspectos, máis eficaces. Este é o caso dos repositorios institucionais en Internet, que poñen a disposición da comunidade científica, en acceso aberto, as teses de doutoramento e outros traballos de investigación.

Polo que respecta aos materiais docentes, o proceso de reforma das titulacións é aínda demasiado recente para promover a elaboración e publicación de materiais didácticos adaptados aos novos planos de estudos. Ademais, as mesmas TICs ás que antes se facía referencia ofrecen medios alternativos para o apoio á docencia como, por exemplo, a plataforma

Moodle, que resultan máis cómodos e flexibles que os manuais impresos.

É posible concluír, daquela, que os métodos e formatos tradicionais da edición universitaria están a experimentar unha renovación que, en pouco tempo, ha transformala totalmente. Para alén dos recursos da Rede, sen dúbida, o futuro inmediato da edición universitaria está no libro electrónico, no que o Servizo traballa actualmente. A adaptación ás novas esixencias –accesibilidade, flexibilidade, carácter multimedia– vai da man co aproveitamento das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías –publicación on-line en acceso aberto, comercialización de produtos editoriais a través de Internet, publicación segundo demanda. Neste sentido, o Servizo de Publicacións da UDC continuou colaborando en 2009 coa Biblioteca Universitaria no tratamento dos materiais publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC), que viu finalmente a luz no curso de 2009. Na actualidade, está a estudarse a aplicación de fórmulas que permitan a edición segundo demanda e a comercialización de produtos editoriais en formato dixital.

Polo demais, no pasado exercicio leváronse adiante iniciativas editoriais de orientación abertamente divulgativa, como son o lanzamento da nova serie *Ciencia Aberta*, co libro *Aquí estamos... mutando*, a edición de volumes acompañados por material au-

diovisual, como é o libro *Cinema e Guerra Civil*, e a publicación das *Actas das I Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na UDC*, que versaron sobre a ópera *Inés e Bianca*, de Marcial del Adalid. Para celebrarmos o Día das Letras, presentouse *O val de Elviña, a identidade cultural na memoria*, que continúa a serie de libros singulares de anos anteriores. É a intención dos responsables do Servizo desenvolver esta liña editorial, así como consolidar as coleccións de carácter especializado, abertas á participación de investigadores de calquera procedencia.

Libros e revistas publicados en 2009

En 2009, o Servizo de Publicacións xestionou a produción, a promoción e a distribución dun total de 31 volumes, en formato de libro impreso ou de CD/DVD, e de 10 revistas, cuxos títulos se expoñen a continuación agrupados nas respectivas coleccións ou series en que se integran.

– Monografías

1. Francisco Reyes Santías, *Adopción, difusión y utilización de la Alta Tecnología Médica en Galicia: Tomografía computerizada y Resonancia magnética*. Núm. 135, en formato de CD
2. Carlos Gómez Bermúdez, George Cantor. *Sistema de números y conjuntos*. Núm. 136.
3. Arsenio Ferraces Rodríguez (ed.), *Fito-zooterapia antigua y medieval: textos y doctrinas*. Núm. 137.

– Actas

1. Juan de Dios Ruano Gómez (ed.), *Narrativas del riesgo y acciones de confianza. III Jornadas sobre gestión de crisis*. Núm. 101.
2. Pedro López Gómez e José Carlos Santos Paz (eds.), *Guía para bibliotecas escolares*. Núm. 102.
3. Xesús Mosquera Carregal e Sara Pino Ramos (eds.), *Lingua e docencia universitaria. V Xornadas sobre lingua e usos*. Núm. 103.
4. Olivia Rodríguez González e Laura Mariño Sánchez (eds.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega. Enfoques literarios e socio-históricos*. Núm. 104, en formato de CD.
5. José Pernas García (ed.), *Análisis y reflexiones sobre el Derecho Ambiental en Galicia*. Núm. 105.
6. Julián Jesús Pérez Fernández (ed.), *A ópera Inés e Bianca de Marcial del Adalid. I Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na Universidade da Coruña*. Núm. 106.
7. María Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: literatura e nación*. Núm. 107.

– Manuais

1. José Pernas García e outros, *O ensino do Direito a través do cinema: unha perspectiva interdisciplinar. Materiais didácticos para un sistema ECTS*. Libro Universitario Galego, nº 3.

– Ciencia Aberta

1. Ana María González Tizón (ed.), *Aquí estamos... mutando*. Núm. 1.

– Homenaxes

1. María José Martínez López e Ana María Porteiro Chouciño (eds.), *Soñando con palabras. Escritos reunidos do profesor Xosé Anxo Fernández Roca*. Núm. 9.
2. Cleofé Tato García e Antonio Chas Aguión (eds.), *Siempre soy quien ser solía. Estudios de literatura española medieval en homenaje a Carmen Parrilla*. Núm. 10.

– Publicacións Institucionais

1. Servizo de Protocolo e Actividades Institucionais da Universidade da Coruña, *Actas del VII Encuentro de la Asociación española para el estudio y la investigación en Protocolo Universitario (A Coruña, 8-10 de mayo, 2008)*.
2. Ana Filgueiras Rei e outros, *O val de Elviña, a identidade cultural na memoria*. Publicación conmemorativa do Día das Letras Galegas 2009.

– Coedicións

1. María Jesús Lorenzo Modia (ed.), *Proceedings from the 31st AEDEAN Conference*. En colaboración co

Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC, en formato de CD.

2. Luis Alonso Álvarez, *El costo del imperio asiático. La formación colonial de las islas Filipinas bajo dominio español (1565-1800)*. En colaboración co Instituto Mora, México D.F.
3. José Luis Castro de Paz e David Castro de Paz (eds.), *Cinema e Guerra Civil. Novos achádegos. Aproximacións analíticas e historiográficas*. En colaboración co Centro Galego das Artes da Imaxe, en formato de libro + DVD.

– Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor

1. Xosé Teixeira, *Doutor, por favor, máteme con xeito: 36 días na vida de Manuel Ruíz*. Núm. 58.
2. Laura Tato Fontaña, *Relación de noticias sobre teatro nos fondos da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor: 1882-1975*. Núm. 59.
3. Alva Martínez Teixeira, *O heroe incómodo. Utopía e pessimismo no teatro de Hilda Hilst*. Núm. 60.
4. Iolanda Ogando, Almeida Garrett, *Retrato para-textual com teatro ao fundo*. Núm. 61.
5. Henrique Rabuñal, *O teatro en Jenaro Marinhos del Valle*. Núm. 62.
6. Pepetela, *A revolta da casa dos ídolos*. Núm. 63.

– Anexos de Revista de Lexicografía

1. Pilar Díez de Revenga Torres e Miguel Ángel Puche Lorenzo, *Viage metalúrgico por el litoral del Medi-*

terráneo. Núm. 10.

2. Antoni Nomdedeu Rull, *Diccionario de fútbol*. Núm. 11.
3. José Álvaro Porto Dapena, *Lexicografía y meta-lexicografía. Estudios, propuestas y comentarios*. Núm. 12.

– Serie Nova Terra

1. Sonia Sánchez Martínez, *Geoquímica y geocronología de las ofiolitas de Galicia*. Núm. 37.
2. Telmo Manuel Bento dos Santos, *Petrología, Geoquímica e Termocronología das rochas granulíticas do sector São Fidelis-Santo António de Pádua (Zona central da Faixa Ribeira, Rio de Janeiro, Se do Brasil)*. Núm. 38.

– Outras publicacións

1. *Catálogo de publicacións: novidades agosto 2007-xulio 2009*, en formato de folleto + CD.

– Revistas

1. *Ambientalmente Sustentable*, 7 (xaneiro-xuño 2009).
2. *Anuario de Dereito*, 13 (2009).
3. *Cadernos; Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 34 (2009).
4. *Cancionero General*, 7 (2009, en prensa).
5. *Conceptos: revista de investigación graciana*, 6 (2009).

6. *Lenguaje y textos*, 29 e 30 (2009).
7. *Revista Galega de Filoloxía*, 10 (2009).
8. *Revista Galego Portuguesa de Psicoloxía e Educación*, 17 (2009).
9. *Revista de Lexicografía*, 15 (2009, en prensa).
10. *ROTUR: revista de ocio e turismo*, 2 (2009).

	2006	2007	2008	2009
Libros	22	37	33	31
Revistas	10	10	9	10

Cadro 179 **Evolución do número de publicacións da UDC**

	2006	2007	2008	2009
Libros recibidos	1061	1138	1116	1007
Revistas recibidas	277	502	460	436
Libros enviados	Sen datos	1250	1450	1311
Revistas enviadas	Sen datos	948	804	1078

Cadro 180 **Evolución do intercambio de publicacións**

Cursos e seminarios

A Oficina de Cursos e Congresos, dependente da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, vén diferenciando as súas actividades das desenvoltas desde a Vicerreitoría de Investigación, por máis que ambas teñan carácter académico. Neste último caso, cóbrese a axuda a eventos de carácter netamente científico, desde congresos a *workshops*, por poñermos dous exemplos. No caso da Oficina recóllense soamente as actividades de carácter divulgativo dirixidas, ademais, a un público amplo e non necesariamente especiali-

zado. Leva a cabo a coordinación de cursos, incluídos os de verán, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias.

A Oficina de Cursos contribúe tamén á difusión da imaxe corporativa mediante o deseño e a distribución de materiais promocionais, como carpetas ou bolígrafos, para a organización de eventos e encontros, incluídos tanto congresos científicos como aqueles organizados por delegacións ou asociacións de estudantes. Un total de 144 actividades recibiron estas

axudas. A Oficina atendeu a emisión e o rexistro de máis de 300 certificados correspondentes a diferentes actividades.

Cómpre salientar en particular o incremento na oferta de cursos de verán propios, o que marca unha tendencia positiva. Os cursos de verán, polo seu amplo público destinatario e polas circunstancias do período estival, ofrecen un instrumento moi rico e flexible para a difusión da actividade universitaria, para a co-

laboración con entidades do noso contorno e, finalmente, para proxectar a imaxe da nosa universidade na sociedade. Polo mesmo, interesa tamén que estes cursos se desenvolvan no contorno metropolitano da Coruña e de Ferrol. Tamén neste caso a tendencia parece positiva.

O número total de encontros e reunións realizadas no ano 2009 na Universidade da Coruña superou a cifra de 200.

Título do curso	Director/a
Xénero, Constitución e Estatutos de Autonomía	Ana Aba Catoira
II Curso de divulgación científica na sociedade	María Ares Sanmartín / Moisés Canle López
Mercado de traballo e muller: un camiño por percorrer	Patricia Faraldo Cabana
O Camiño de volta ás raíces africanas: ADN e xenealoxía. / The Journey to African Roots: DNA & Genealogy.	María Frías Rudolphi
Tendencias e perspectivas no sector turismo no novo contexto económico-social	Mariz Pérez, Rosa M ^a . / García Álvarez, M ^a . Teresa
Política social europea e colectivos en risco de exclusión	Isabel Novo Corti / Manoel Baña Castro
XII Curso de verán de pensamento Carlos Gurméndez: A guerra civil, o difícil exercicio de reconstruíla	M ^a Antonia Pérez Rodríguez / Xosé M ^a Dobarro Paz
Máis alá da culpa. Aptitudes construtivas para unha crise	Roi Salgueiro Barrio
Vivenda e espazos de relación nos núcleos tradicionais de Galicia II	Alfredo Freixedo Alemparte
V Curso de verán sobre dinamización lingüística, Traballando en lingua	Goretti Sanmartín Rei
O Plano director no proxecto de conservación	Iago Seara Morales
Xornadas sobre políticas migratorias	Antonio Izquierdo Escribano

Respecto dos cursos de verán en colaboración coa UIMP, a Universidade da Coruña achegou infraestrutura e as instalacións necesarias, para alén de persoal de apoio. O alumnado da nosa Universidade tivo a oportunidade de recibir bolsas de axuda. Seis persoas da comunidade universitaria recibiron bolsas de asistencia. A relación de cursos desenvolvidos incluíu 17 actividades na Coruña e 8 en Pontevedra.

Deportes

Nas liñas programáticas, a Área de Deportes da UDC optou por situar no primeiro plano o deporte base nacido na propia universidade, for individual, colectivo, recreativo ou competitivo. Dito doutro modo, a nosa prioridade está no desenvolvemento de liñas de actuación que beneficien ante todo á propia comunidade universitaria coruñesa e ferrolá, co acento posto tanto na relación entre exercicio físico e saúde como na extensión das prácticas saudables ao maior número de persoas, con independencia das súas determinacións físicas ou de calquera signo.

Da importancia deste labor e da súa valoración entre a comunidade universitaria dá boa conta o dato da participación activa nestas actividades, durante 2009, de preto de 5.000 membros da comunidade universitaria, o que supón que unha quinta parte dos membros da Universidade da Coruña, aproximadamente, elixen o deporte como forma de gozar do seu tempo de lecer.

En 2009 cumpriuse unha importante aposta programática das pasadas eleccións coa inauguración das novas instalacións deportivas no Estadio Universitario de Elviña. Temos agora unha sala de musculación e cardiovascular de máis de 300 m², dotada de máquinas de última xeración que, para alén de poder competir con calquera outra sala privada ou pública, ofrece á comunidade universitaria uns prezos sen competencia. Súmeselle a isto un novo tatami de 150 m² para múltiples usos, no mesmo lugar, e a Unidade de Deporte e Saúde que ofrece atención personalizada e asesoría para a práctica deportiva máis conveniente en cada caso.

Outra novidade foi a organización do Día do Deporte Universitario, o día 5 de novembro, no campus de Elviña. En coincidencia con esa data, concedeuse o primeiro dos Premios UDC de Deportes a D. Antonio Ripoll Alberti por toda unha vida dedicada ao alto rendemento deportivo e á competición de vela.

Competicións

As ligas universitarias contaron con, aproximadamente, 2600 estudantes pertencentes a máis de 170 equipos, en modalidades deportivas como o fútbol once (30 equipos no campus da Coruña), baloncesto (22 equipos no campus da Coruña e 6 no campus de Ferrol), fútbol sala (máxima participación, con 64 equipos só no campus da Coruña e 16 no campus de Ferrol), fútbol

sete (18 equipos no campus de Ferrol), voleibol (6 equipos na Coruña) e balonmán (7 equipos na Coruña).

O Trofeo Reitor, competición que se caracteriza por se desenvolver en eliminatorias directas (formato copa), de modo que soamente queda un representante por cada unha das facultades ou centros que participan, vai xa pola undécima edición. En 2009 contou con máis de 58 equipos nas modalidades deportivas de baloncesto, fútbol once e fútbol sala.

Cos campionatos internos, a Área de Deportes procura a participación da comunidade universitaria en modalidades menos tradicionais. Entre os meses de marzo e abril organizáronse os seguintes campionatos internos nas instalacións do campus de Elviña: campionato interno de tenis de mesa, bádminton, tiro con arco, pádel e tenis. A participación total foi superior ás 150 persoas.

Dentro das competicións externas (Xogos Galaico-Durienses, Campionatos Galegos Universitarios, Campionatos de España Universitarios e Deporte Federado), os estudantes que representaron a Universidade da Coruña obtiveron grandes resultados.

No ámbito internacional, cómpre salientar a representación da nosa universidade na XXIV edición dos Xogos

Galaico-Durienses, con 48 estudantes e 3 delegados. Como en edicións anteriores, participamos as tres universidades galegas xunto coas tres universidades do norte de Portugal (UTAD, Minho e Porto). Logramos o primeiro posto nas modalidades de voleibol mixto, balonmán mixto e duatlón e acadamos o segundo posto na clasificación xeral por universidades.

Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da Universidade da Coruña superou os 380 participantes, repartidos en modalidades de competición: deportes colectivos (rugby, baloncesto, voleibol, balonmán, fútbol sala, fútbol once e fútbol sete), atletismo en ruta (10 km), orientación, volei praia, natación, tiro con arco, xadrez e a competición PDI-PAS nas modalidades de baloncesto masculino, fútbol sete masculino e tenis.

Nos Campionatos de España Universitarios participa alumnado de 1.º, 2.º ou 3.º ciclo, procedente de todas as universidades de España, o que suma máis de 5.000 deportistas cun alto nivel de rendemento deportivo. O número de participantes no presente ano, por parte da Universidade da Coruña, foi superior aos 110 deportistas. En moitas das modalidades cómpre ter, con anterioridade, unha marca, un ránking, un grao, un hándicap mínimo ou unha difícil fase de clasificación –isto no caso dos deportes de equipo– para poder participar.

Nas modalidades deportivas individuais, o Consejo Superior de Deportes organizou un total de 20 campionatos. A UDC competiu en 18 deles, o que significa que estivemos presentes no 90% das modalidades, unha das maiores participacións a nivel estatal. O total de participantes en deportes individuais foi de 68 persoas.

A Universidade da Coruña acadou as seguintes medallas: Begoña Garrido Barro (Logopedia), ouro en atletismo na proba de 400 metros lisos; Lucía Guitián Saco (Camiños) e Sandra Amezaga Rodríguez (INEF), bronce en bádminton en dobres feminino; Miguel Souto Míguez (Químicas), bronce en esgrima na modalidade de florete; Alejandro Sanmartín Carrera (INEF), bronce en judo na categoría de 100 kg; Francisco Javier Sieira Rodríguez (Informática) e Rubén Taboada García (CC. da Educación), prata e bronce, respectivamente, en taekwondo nos pesos medio e mosca; e por último, o equipo de rugby feminino logrou medalla de bronce.

A respecto dos deportes colectivos, cómpre subliñar que o sistema de competición é determinante á hora de valorar tanto a participación como os resultados. O total de participantes en deportes colectivos foi de 43, distribuídos entre fútbol sala masculino, rugby feminino e voleibol feminino.

A Universidade da Coruña continúa a estar representada nos deportes federados en modalidades como o voleibol, o rugby feminino ou o tiro con arco. Faino con equipos propios que posúen un número importante de xogadores e xogadoras da universidade. No caso de deportes como o fútbol, rugby masculino, baloncesto e bádminton, contamos con equipos que manteñen convenios de colaboración coa Universidade da Coruña.

Formación

A Área de Deportes contou con máis de 25 escolas deportivas e actividades, desenvolvidas tanto nas instalacións pertencentes á propia universidade como naquelas outras con que mantemos acordos de colaboración. Nas escolas deportivas da Área de Deporte ofertáronse trece actividades, entre elas xadrez, bádminton, tai-chi, tenis, voleibol, tiro con arco, wu-shu, rugby, taekwondo, ximnasia acrobática, pádel ou golf, con participación superior ás 350 persoas.

Á marxe das escolas deportivas, ofertouse gran variedade de cursos: oito de tenis e nove cursos de escalada nas modalidades de iniciación e perfeccionamento, con grande aceptación da comunidade universitaria, como amosa a participación próxima ás 200 persoas. De igual xeito, e como novidade, no apartado de actividades náuticas ofertáronse cursos de catamarán, windsurf e surf, en que os membros

da comunidade universitaria poden tomar parte con ofertas especiais.

Como complemento das actividades deportivas de competición, de mantemento e de lecer, organízanse cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial e validables por créditos de libre configuración. Para o curso 2009-2010 convocáronse accións formativas en xestión deportiva “Por Deporte”, cursos de monitor de tempo libre, de mergullador deportivo, de patrón de embarcacións de recreo e de patrón de iate, así como seminarios de tai chi chuan. No conxunto destes cursos de formación participaron máis de 1.300 persoas.

Mantemento físico

Neste apartado salienta a inauguración da Unidade de Exercicio e Saúde, que conta cos servizos e co asesoramento dun licenciado en Educación Física Experto universitario en Actividade Física e Deporte e dun médico Especialista en Medicina do Deporte. Trátase dun servizo dirixido a todos os membros da comunidade universitaria e que orienta a súa función en tres liñas de traballo: avaliación para a práctica do exercicio, asesoramento para a práctica do exercicio e promoción da actividade física para a saúde.

A Área de Deportes da Universidade da Coruña continúa co acordo de colaboración para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia (Elviña, Sardi-

ñeira e Agra II), coa oferta do Mantemento Físico, que consta de dúas modalidades: unha primeira, dirixida a todos os socios da Área de Deportes, que permite a entrada libre á piscina e ximnasio, a prezo especial. Hai unha segunda oferta, dirixida aos abonados da Área de Deportes, que permite a utilización de todas as instalacións e a participación nas actividades dirixidas gratuítas destes complexos, en horario ilimitado, cunha tarifa moi económica e da que xa se están a beneficiar preto de 250 persoas.

Non deben esquecerse os acordos cos concellos de Ferrol e de Narón para o uso das piscinas de Caranza e da Gándara, respectivamente, polas que pasaron máis de 50 persoas pertencentes á nosa comunidade.

Actividades na natureza

Entre todas as actividades na natureza, as de maior participación foron as rutas de camiñada. Outro tipo de actividades con gran relevancia son os cursos de equitación, de iniciación e de perfeccionamento, realizados no concello de Cambre. A oferta inclúe tamén o pontismo, ráfting, kaiak raft, rutas en canoa, excursións, paintball, descenso de canóns, rutas en quad, rutas a cabalo e actividades de multiaventura. En total, participaron preto de 400 persoas.

Todas estas actividades están abertas á participación de persoas que non pertencen á comunidade univer-

sitaria, co que se cumpre un dos obxectivos da Extensión Universitaria: a apertura da universidade ao resto da sociedade.

Organización de eventos deportivos

A Área de Deportes organizou diferentes eventos deportivos na Universidade da Coruña, entre os que podemos mencionar, no ámbito autonómico:

- Campionato Intercampus, que enfrontou os equipos gañadores das ligas universitarias de 1ª División dos campus da Coruña e de Ferrol, nas modalidades de fútbol sala, baloncesto e fútbol once. Este campionato mobilizou a máis de 100 deportistas.
- Campionato Galego de Deportes Colectivos, organizado a través da Área de Deportes do campus de Ferrol e que tivo lugar os días 4 e 5 de marzo nas instalacións do concello de Ferrol.
- Campionato Galego de Volei Praia, que tivo lugar o 16 de abril na praia de Oza e organizado pola

Área de Deportes do campus da Coruña. Participaron máis de 50 deportistas das tres universidades e 14 da UDC.

- Carreira Universitaria 10 km Sportzone, pertencente ao Circuíto Galego Universitario de Carreiras en Ruta. Tivo lugar nos arredores do campus de Ferrol e tomaron parte 225 participantes.
- X Campus Mauro Silva, realizado nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, durante a Semana Santa, contou coa participación dun cento de nenos e de nenas de entre 6 e 14 anos, na súa maioría fillos de membros da comunidade universitaria.
- No ámbito do Estado: participación na fase interzonal de voleibol feminino, clasificatoria para a fase final dos Campionatos de España Universitarios e participación na fase interzonal de fútbol sala, clasificatoria para a fase final dos Campionatos de España Universitarios.

Universidade comprometida

Oficina de Igualdade de Xénero

- A Comisión de Igualdade de Xénero foi renovada o 30 de xuño, tras a súa aprobación en Consello de Goberno. Forman parte dela as seguintes persoas: Luís Caparrós Esperante, Patricia Faraldo Cabana, Concepción Herrero López, Antía Pérez Caramés, Luís A. Gárate Castro, Rosa Mary de la Campa Portela, Javier Pereira Loureiro, Carlos Platas Iglesias, Marisol Mirás Mouro, Sonia Valero Bravo, Alba So-moza González e Antía Fernández Miraz.
- Continuación dos traballos de elaboración para a diagnose das situacións de xénero na UDC, previa á elaboración do Plano de igualdade da Universidade.
- Realización das xornadas sobre “Xénero, migración e desenvolvemento”, que tiveron lugar na Facultade de Socioloxía os días 27 e 28 de abril.
- Cofinanciamento e participación na mesa redonda “Universidades e igualdade de xénero”, no *Simpodium Muller, Participación e Igualdade*, organizado pola Asociación Luso-Galega de Antropoloxía, que tivo lugar na Facultade de Socioloxía.
- Organización do V Curso de Verán sobre Políticas de Igualdade de Xénero, “*Mercado de traballo e muller: un camiño por percorrer*”, que tivo lugar simultaneamente nas escolas universitarias de Relacións Laborais da Coruña e de Ferrol.
- Apoio ao curso de verán sobre “Xénero, Constitu-

ción e Estatutos de Autonomía”, que tivo lugar na Facultade de Dereito os días 8 e 9 de xullo.

- Participación na mesa de xénero e migracións no VI *Congreso das Migracións en España*, que tivo lugar na Facultade de Socioloxía.
- Participación na II Feira Europea do Emprego, que tivo lugar no último trimestre do ano na Universidade da Coruña.
- Planificación e comezo do ciclo de conferencias Muller e Ciencia, que pretende aproximar a cuestión de xénero aos centros da UDC e que continúa durante o ano 2010.

Cooperación e voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado ten como misión contribuír ao coñecemento da realidade e participar e dar participación na construción de sociedades máis xustas. O voluntariado, a cooperación e os labores de formación para eses dous campos son as principais tarefas da Oficina. Tras un período de varios meses sen director, o día 15 de outubro foi nomeado Luis Hervella Nieto, profesor da Facultade de Informática.


Voluntariado

Unha das canles que a OCV ofrece para a participación son os programas de voluntariado social. Este


ano, tanto no campus da Coruña como no campus de Ferrol, o número de persoas voluntarias aumentou considerablemente.

– En 2009, iniciáronse dous novos programas de voluntariado, co que xa son 16 os que están activos: programas de voluntariado no Centro de Acolida de Menores de Bañobre nas Rañas, no Portiño, no Fogar Santa Lucía, no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia, no Hospital Materno Infantil da Coruña; programas de colaboración coa asociación Aseser Teranga, de transeúntes e sen teito, de Aula de Informática para persoas en risco de exclusión social,

de cultura no centro penal de Teixeiro, de dinamización do tempo de lecer no Centro de Atención ao Minusválido Físico, de colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer en Ferrolterra, de apoio escolar en colaboración coa Fundación Secretariado Xitano, de colaboración coa Residencia Abrente de Ferrol e de colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural. Así mesmo realízase un programa, en colaboración con Ecode-sarrollo Gaia, de apoio escolar a nenos inmigrantes e de clases de Internet e de alfabetización para adultos inmigrantes.



Cadro 182 Voluntarios/as por proxecto.
Campus da Coruña



Cadro 183 Voluntarios/as por proxecto.
Campus de Ferrol

Cooperación

A Oficina, co seu traballo na cooperación ao desenvolvemento, organizou actividades de sensibilización nestes temas dirixidos á comunidade universitaria, para alén de participar en campañas de sensibilización con outras ONG. Neste ano as actuacións foron as seguintes.

Entre as actividades máis importante salienta a III Convocatoria de Coñecemento da Realidade. Mediante esta iniciativa, o alumnado da UDC ten a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estada de cooperación de entre un a tres meses e que o traballo desenvolvido sexa validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias

ou traballos obrigatorios de fin de carreira. Este ano viaxaron catro estudantes.

Por outra banda, realizouse a IV Convocatoria de Axudas a Proxectos de Investigación en Cooperación ao Desenvolvemento. Fondo 0'7%, dotada con 90.000 € Seleccionáronse sete proxectos. Este fondo quere incrementar a formación en cooperación ao desenvolvemento a través de proxectos de investigación financiados que se executen na propia UDC.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado colabora con outras ONG, como Enxeñaría sen Fronteiras, Coopera ou Intermón-Oxfam, así como coa Coordinadora Galega de ONG en Desenvolvemento. Con InteRed Galicia

cooperouse no curso-obradoiro de formación para o voluntariado internacional e coa fundación Ronsel na convocatoria de charlas de sensibilización nos institutos da cidade da Coruña.

Formación

Durante 2009, os cursos de formación realizados abrangueron os seguintes campos: formación básica en voluntariado, psicoloxía oncolóxica, menores en risco de exclusión social, curso “Achégate ao Sur”, cultura xitana, animación hospitalaria, promoción de

actitudes e condutas saudables, lexislación e persoas sen fogar, habilidades sociais para voluntariado con persoas sen fogar, manualidades para o voluntariado con enfermos oncolóxicos (técnica do papel *maché*), primeiros auxilios psicolóxicos, educación multicultural, animación sociocultural, dinamización de grupos, voluntariado con persoas con discapacidade, xornadas As crises esquecidas, conflitos bélicos, refuxiados e acción humanitaria e as VI Xornadas de sensibilización sobre inmigración e interculturalidade.